



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 31 DE XANEIRO DE 2024

Na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnense el primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e co seguinte orde do día:

Presidente : D. Carlos Coira Lojo

Vicepresidente: D. Álvaro Carou García

Vogais: Dna. Tania García Sanmartín

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. Manuel Abalo Portas

Dna. Elena Suárez Sarmiento

Dna. Marta M^a Ferradáns Padín

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Jacobo Suárez Vázquez

Secretaria: Dna. Rosa Losada Suárez

Interventora: D. Guillermo Buceta Gamallo

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día once de decembro de dous mil vinte e tres e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO 12 AO 29 DE DECEMBRO DO ANO 2023.

Pola Sra. secretaria dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do doce ao vinte e nove de decembro do ano 2023, relativas a:



Mes de Decembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

1ª Resolución con data //2023 –“1.- Autorización ao Club Arosa S.C. o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “CAMPUS DE TECNIFICACIÓN DE NADAL”, dirixido a nenos/as de 5 a 13 anos, os vindeiros días 26, 27, 28, e 29 de decembro do presente ano, 2, 3, 4 e 5 de xaneiro de 2024, en horario de 10:00 a 13:30 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme a Resolución do Sr Presidente con data 21/12/2021, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019 (donde se aprobou o borrador do citado Convenio Económico), nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas.

Polo que na maior brevidade posible debера indicar o número de prazas ofertadas, para poder calcular o número de becas que se poden ofertar dende a Fundación de Deportes.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.





5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,....”

- **2ª Resolución con data 20/12/2023** -“1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso do Pavillón nº2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do FESTIVAL DE NADAL DE XIMNASIA RÍTMICA, o vindeiro día 30 de decembro do presente ano, debendo comunicar na maior brevidade posible o horario do devandito evento.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.
- 3.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o Pavilón Municipal da Torre ata o Pavillón nº 2 do Complexo deportivo Municipal de Fontecarmoa e posterior recollida unha vez rematado o evento, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de



Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento do Auditorio, a cesión dun equipo de son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes do citado Torneo, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación.





Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **3ª Resolución con data 20/12/2023** -"1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso do Pavillón Municipal da Torre, os vindeiros día 26, 27, 28, e 29 de decembro do presente ano, e 2, 3 e 4 de xaneiro de 2022, para levar a cabo os adestramentos das súas deportistas nas vacacións de nadal, de 10:00-13:30 horas.
2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros."
- **4ª Resolución con data 20/12/2023** -"1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía, o uso do Pavillón Municipal do Castela para o desenvolvemento dos adestramentos nas datas do Nadal do 26/12/2023 ao 05/01/2024, de luns a xoves de 10:00-11:45 horas e os venres de 10:00-11:30 horas, a excepción dos días festivos.
2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún club ou entidade deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros."
- **5ª Resolución con data 20/12/2023** -"1.- Comunicación de que tras as conversas mantidas co responsable do Recinto Fexdega, podese autorizar ao Club Deporetivo Tenis de Mesa o uso do Recinto Fexdega para a celebración do CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TENIS DE MESA, que se vai levar a cabo os vindeiros días 14, 15, 16, 17, 18 e 19 de maio do ano 2024. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso da cita instalación para a celebración do devandito evento, dado que, o uso da mesma poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario conserxe do



Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,11 €/h. con cargo á partida 341-151/13001, dado que o día 12 é un día festivo.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lles presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- A autorización dos espazos do Recinto Fexdega de, conleva que o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.





5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”



4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes ou no caso de tratarse dunha competición oficial a certificación da federación da cobertura da actividade.

5.2) Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **6ª Resolución con data 21/12/2023** -"1.- Autorización ao Club Arousa Bike BTTa a celebración da da proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de resistencia BTT da Federación Galega de Ciclismo e, que se vai levar a cabo o vindeiro día 11 de febreiro de 2024 en horario de mañá previa autorización da Xunta de Goberno Local.

Idicarlle que deberán presentar na maior brevidade posible o horario do citado evento.

2.-. Débese dar traslado a Xunta de Goberno Local para que autorice a realización da proba, conforme informe da Policía Local, a cal debería estar supeditada a que se presente antes da realización da proba, a autorización do Servizo de Montes da Consellería de Medio Rural e das correspondentes Comunidades de Montes.

Faise constar que o Club exa entregou a autorización da Consellería de Medio Rural.

3.- Aprobar a cesión do arco hinchable, publicidade institucional, rolos de balizaxe e 2 hidrolimpadoras para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das





dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión dun palco con dúas rampas, cesión de valadas para 15 m de recinto, 2 mesas, 2 carpas e cadeiras.
- Departamento da Policía Local, a colaboración coa súa presenza durante a saída e chegada dos participantes durante o desenvolvemento da proba.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil co servizo de ambulancia e persoal durante o desenvolvemento da proba.

5.- Conceder 60 trofeos para a entrega de premios aos 3 primeiros clasificados das diferentes categorías, solicitando presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe de 648,00 € (IVE incluído)

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil, a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou no caso de ser proba federada o certificado da Fedación correspondente coa autorización da citada proba

7.2) Os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva)



7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, “

- **7ª Resolución con data 22/12/2023** -“1.- Autorización á ANPA do CEIP ROSALÍA DE CASTRO, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración dunha Festa lúdico-recreativa “FESTA DE NADAL” para todo o alumnado do devandito centro, o vindeiro día 22 do presente mes, de 11:00-22:00 horas. Así como autorización para gardar o xerador de gasoil no citado pavillón ata o día 26 do presente mes.

Indicarlle que, dado o carácter social da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nºIII.5 en vigor.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Faise constar que a Anpa xa presentou previo ao inicio da montaxe/celebración da citada actividade-evento a seguinte documentación:

- . Seguro de Responsabilidade Civil da ANPA.
- . Seguro de accidentes do voluntariado da ANPA.





. Seguro de Responsabilidade Civil e certificados de homologación dos hinchables.

. Contratos do persoal da empresa contratada para o desenvolvemento das actividades programadas.

4.- Comunicarlle no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, “

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

1ª Resolución con data 12/12/2023: “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L. a adquisición de 20 m³ de area de silice de 1mm de grosor para levar a cabo as labores de picado, resembrado e areado do terreo de xogo do Estadio Municipal a Lomba, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.796,85 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-210,00.”

- **2ª Resolución con data 18/12/2023** -“1 Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 4 trofeos, para a entrega de premios aos participantes no TORNEO EU SAÚDE-PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA, que se vai levar a cabo o vindeiro 10 de novembro do presente ano, a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 77,15 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

- **3ª Resolución con data 22/12/2023** -“1.- Adxudicación á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L. a adquisición de catro interacumuladores eléctricos para a reposición dos mesmos nas seguintes seguintes instalacións deportivas municipais: 2 Campo de Fútbol Municipal A Pelada, 1 no Pavillón Municipal de Faxilde e 1 no Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, dado que conforme informe da empresa adxudicataria do Mantemento das instalación térmicas non é posible as súas reparacións, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 3.248,85 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-213,00.”

- **4ª Resolución con data 22/12/2023** -“1.- Adxudicación á empresa CONSTRUCCIONES METÁLICAS AROSA, S.L a adquisición e colocación do canalón e



as baixantes da cuberta da grada do Campo de Fútbol Municipal A Pelada, dado que se atopa en moi mal estado, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.645,60 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-212,00.”

- **5ª Resolución con data 22/12/2023** -“1.- Adxudicación ás empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización MEDIA MARATÓN CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO, ano 2023, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 20/11/2023, por importe total de 3.771,35 € e, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
BAYGAR, S.L.	Aluguer de valadas	1.748,45 €	342-226,09
AMBULANCIAS BANDE, S.L.	Servizo ambulancias medicalizada	1.500,00 €	342-226,09
DXTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. trofeos	522,90 €	342-226,9901
MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U	Seguros voluntarios	171,00 €	342224,00
REY SILVA, ALBERTO	Speaker	278,30 €	342-226,09
-	TOTAL	4.220,65 €	

- **6ª Resolución con data 28/12/2023** -“1.-Adxudicación a empresa AROUSA PADEL S.L, o desenvolvemento e organización da Escola Deportiva Municipal de Base, Modalidade Padel, curso 2023/24, en réxime de xestión indirecta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por un importe total de 7.200,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-227,9901 e co seguinte desglose:

<u>GRUPOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>ANO 2023</u>	<u>ANO 2024</u>
- 1	7.200,00 €	2.700,00 €	4.500,00€

1.a) O prezo a abonar por Escola ven determinado en función do número de grupo abonando a Fundación de Deportes ao Club/Entidade Deportiva 300,00 €/mes/grupo e modalidade, según o PROXECTO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS,2023/24 aprobado pola Resolución de Sr. Presidente con data 20/09/2023. Incrementando en 50,00 €/mes grupo sobre o gasto aprobado pola Resolución do Sr. Presidente con data 20/09/2023 de 250,00 €/grupo/mes, dado que a escola se leva a cabo nas propias instalacións da entidade, asumindo a mesma tódolos gastos derivados de luz, auga, mantemento, etc.

1.b) O abono da cantidade a empresa AROUSA PADEL, S.L., realizarase pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade





debidamente dilixenciada, acompañada da folia de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado pola adestrador/a-monitor/a.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da Plataforma do Estado FACE...”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 15/12/2023** .-“ 1.- Concesión ao Club/Entidade Deportiva: CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, .S.D., unha subvención directa, para facer fronte do uso da Piscina Cuberta Municipal, para os adestramentos dos seus deportistas, correspondente ao ano 2023, posto que é unha Instalacións Municipal en réxime de xestión indirecta, polos importe de 3.373,57 €, con cargo á partida 342-483,02:
Así como aprobar o borrador de convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral deSubvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.
2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA,S.D. que presenta xustificante da subvención concedida para facer fronte ao uso da Piscina Cuberta Municipal para o adestramentos dos seus deportistas, ano 2023, por importe de 3.373,57 € con cargo á partida 342-483,02.
3.- Aprobar o Endoso da citada subvención a favor da empresa SERVIOCIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe de 3.373,57 €, con cargo á partida 342-483,02.”
- **2ª Resolución con data 15/12/2023** -“ 1.- Concesión ao Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA., unha subvención directa, para facer fronte do uso da Piscina Cuberta Municipal, para os adestramentos dos seus deportistas, correspondente ao ano 2023, posto que é unha Instalacións Municipal en réxime de xestión indirecta, polos importe de 3.373,57 €, con cargo á partida 342-483,02:
Así como aprobar o borrador de convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral deSubvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.



2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA que presenta xustificante da subvención concedida para facer fronte ao uso da Piscina Cuberta Municipal para o adestramentos dos seus deportistas, ano 2023, por importe de 3.373,57 € con cargo á partida 342-483,02.

3.- Aprobar o Endoso da citada subvención a favor da empresa SERVICIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe de 3.373,57 €, con cargo á partida 342-483,02.”

- **3ª Resolución con data 27/12/2023** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Portos de Galicia polo pagamento das taxas polo uso da Rúa Preguntoiro de titularidade da Xunta de Galicia, con motivo da celebración o pasado 26 de novembro do presente ano da Media Maratón Concello de Vilagarcía, por importe total de 60,13 €, con cargo á partida 342-226,09. Así como aprobar o endoso do seu pagamento a D. Juan Miguel Doval Blanco, dado que o seu pago foi adiantado por él.”
- **4ª Resolución con data 27/12/2023** -“1.- Aprobación a devolución a favor de Dna. Margarita Cochón Touriño, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición do 1º Curso de Actividades Fisico Deportivas para Adultos, Curso 2023/24, para a actividade de Ximnasia Funcional por importe de 18,00 €, con cargo á partida 343,01.
 2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Isamar Carolina Gándara Couto , do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Deportiva de Base, modalidade de Taekwondo, tempada 2023/24, dos seus fillos Saimar e Victor Vázquez Gándara, por importe total de 24,00 €, con cargo á partida 343,01.
 3.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Luisa Ríos Torres , do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición na Escola Deportiva de Base, modalidade de Taekwondo, tempada 2023/24, da súa filla Carolina Portela Ríos, por importe de 9,00 €, con cargo á partida 343,01.
 4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Beatriz Goldar Ríos, do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de inscrición do 1º Curso de Actividades Fisico Deportivas para Adultos, Curso 2023/24, para a actividade de loga, por importe de 18,00 €, con cargo á partida 343,01.
 5.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Rocio Casas Muñiz, da parte proporcional do importe ingresado da cota do prezo público, correspondente á solicitude de





inscripción do 1º Curso de Actividades Físico Deportivas para Adultos, Curso 2023/24, para a actividade de Ximnasia Acuática, por importe de 6,00 €, con cargo á partida 343,01.”

- **5ª Resolución con data 29/12/2023** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordo, sen acordo e de enerxía eléctrica e gas natural F/2023/21 correspondentes ao mes de novembro da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 39.452,60 € co seguinte desglose:

Relación de facturas sen acordo e de enerxía eléctrica e gas natural por importe total de 13.383,93 €:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
